


Contra a submisión e o silenciamento loitou durante toda a súa vida Bautista Álvarez. Poucos compatriotas haberá que podan ostentar con maior merecemento as credenciais dignísimas de entrega á significación política e cultural da nación e á súa representación, na sociedade e nas institucións. Credenciais de que nunca quixo facer gala, de que nunca alardeou, cunha modestia *–rarissima avis* no mundo actual– cuxos valados quixemos atravesar para colocarmos no seu lugar persoas e feitos, lugares e acontecementos relevantes, nunha biografía que vai moito máis alá do individuo, porque está intimamente vinculada ao *ser* e ao *estar* da Galiza actual.

Bautista Álvarez

40 anos da UPG, 40 preguntas

María Pilar García Negro



Bautista Álvarez

40 anos da UPG, 40 preguntas

Primeira edición: Xaneiro de 2005

© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Avda. de Lugo, 219, 1º

15703 Santiago de Compostela - Galiza

Telf. 981 57 02 65

fundacionbautistaalvarez@mundo-r.com

Impreso na Galiza

Deseño da colección: Sabela Montero

Depósito legal: C-26-2005

En datas próximas á celebración do 40º aniversario da fundación da Unión do Povo Galego, en Xullo de 2004, entrevistamos a Bautista Álvarez, utilizándonos un cuestionario que, desde 1964 aos nosos días, interrogase sobre aspectos centrais da diacronía da UPG, do seu cofundador e, en definitiva, da xeira do nacionalismo ao longo destes anos. Quen ler o que segue, ben se decatara de que este libro non é nen a historia da Unión do Povo Galego nen sequer a do seu Presidente, Bautista Álvarez. Non é máis que a entrada dunha ementa moito máis completa e ambiciosa que, desde a Fundación que leva o seu nome, visamos compor, para iluminarmos cuestións cardinais da historia do nacionalismo contemporáneo e da Galiza no seu conxunto. É este labor editor e divulgador, mesma-

mente, un dos obxectivos que se marcou a “Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas” desde o seu nacimiento, no ano 2004, como contributo a unha máis que necesaria historia-*verité* que, tantas veces, brilla pola súa ausencia, non só en manuais ou libros de texto de consumo masivo senón en publicacións que se reputan de *alta* cultura.

Falamos a mantenta de verdade, non porque nos arroguemos a súa posesión en termos históricos. Non, por certo. Falamos do primeiro e principal alimentador de calquer *verdade*, sexa esta o poliédrica que se quixer, cal é a coustificación dos feitos, a non ocultación do que se pasou, a revelación das razóns que levaron ás partes a actuaren como actuaron. Xulgue despois como mellor considerar e desexar o público lector, mais nunca sobre a omisión ou sobre a deformación interesada. E proclamamos isto, porque non deixa de resultar chamativo que, na historia paradoxal da Galiza dos últimos anos, sexa a Unión do Povo Galego –mesmamente o partido que se mantivo como tal desde a súa creación, sen guadianas nen refaccións, como forza política unívocamente orientada á presenza e significación política da Galiza– a que mereza toda sorte de invectivas por parte daqueles que, tantos!, hoxe

viven e comen grazas a algo do que, historicamente, construiu este Partido. Non será este o menor paradoxo dunha nación que aínda, en parte, practica o deporte non de se auto-organizar, senón de organizar, con zunia merecente de mellor causa, o auto-odio tradicional(ista).

Contra estes paradoxos, contra a submisión e o silenciamento, loitou durante toda a súa vida Bautista Álvarez. Poucos compatriotas haberá que podan ostentar con maior merecemento as credenciais dignísimas de entrega á significación política e cultural da nación e á súa representación, na sociedade e nas institucións. Credenciais de que nunca quixo facer gala, de que nunca alardeou, cunha modestia –*rarissima avis* no mundo actual– cuxos valados quixemos atravesar para colocarmos no seu lugar persoas e feitos, lugares e acontecementos relevantes, nunha biografía que vai moito máis alá do individuo, porque está intimamente vinculada ao *ser* e ao *estar* da Galiza actual. Queremos, así, reconverter a semántica da home-naxe para facela, antes de máis, oferta de coñecimento, na intelixencia de que contribuímos, como antes ficou dito, ao esclarecemento dun período fundamental na historia da Galiza, neste incipiente século XXI, incomprendible sen o coñecimento do derradeiro terzo do século XX.

Coido que podo actuar como portavoz tácita do todas e de todos os militantes da Unión do Povo Galego, agradecendo vivamente ao seu Presidente, Bautista Álvarez, o tempo e a memoria que nos ofreceu para a composición deste volume primeiro. E obrigada a todos os que o leren, mérito non pequeno nesta deriva a cada paso máis esqui-va coa letra escrita.

María Pilar García Negro.

Directora da “Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas”.

Galiza, Xaneiro de 2005.

O día 25 de Xullo de 1964 é unha data histórica para a Galiza e coidamos que, tamén, na túa vida. Fúndase –fundades– en Santiago de Compostela a Unión do Povo Galego. Fálanos, por favor, da constitución da UPG, dos seus fundadores, das vicisitudes que rodearon este evento...

Formalmente, a constitución da UPG, tivo lugar en Santiago de Compostela o 25 de Xullo do 1964. Previamente viñérase traballando, entre varias persoas vinculadas ao movemento nacionalista, na creación dunha organización capaz de loitar, dentro da ditadura franquista, polos dereitos nacionais de Galiza.

A min tocoume vivir esta fase en Madrid, onde residía daquela. Eu non estiven en Santiago de Compostela o 25 de Xullo, pero os compañeiros que participaron na reunión fundacional contaban coa miña anuencia sobre os puntos programáticos substanciais da UPG, que foran elaborados con anterioridade nos meses precedentes. En

Madrid estabamos varios dos membros fundadores, como Reimundo Patiño e Xosé Antonio Arjona. Méndez Ferrín e a súa dona, María Xosé Queizán, xa residentes en Galiza, por motivos profesionais desprazábanse a Madrid con moita frecuencia e alí foi onde fixeron as súas aportacións ao proxecto político. Inclusive foi naquela cidade onde se acordou a formulación programática fundamental e a data da fundación.

Estes que citei –Ferrín, Queizán, Patiño, Arjona e máis eu– constitúen o núcleo fundamental dos fundadores, que sería ampliado coa participación de Luís Soto, Celso Emilio Ferreiro, Blasco e algún outro no acto de Compostela. Fóra disto, o que vén despois son incorporacións de primeira hora a unha organización xa definida.

¿Que antecedentes tivo a fundación da UPG?

Non é o caso de remontarnos a toda a traxectoria do nacionalismo galego desde o seu nacemento até a Guerra Civil e a ditadura franquista. De calquera maneira, a UPG é a continuación dun movemento que contaba xa coas aportacións das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista, de Castelao e Alexandre Bóveda. O que interesa aquí son os antecedentes inmediatos. Tras a sublevación e a represión

franquista, o nacionalismo do interior esmorecera reducindo a súa actividade a un labor simplemente cultural pouco ou nada agresivo co rexime político imperante. O concepto de “galeguismo” chegara inclusive a degradarse como sinónimo de “escribir en galego” ou amante da arqueoloxía. Pero chegara xa á madurez unha xeración –a de posguerra– en desacordo con esta maneira de entender a política. A ditadura fascista recibía respostas desde diferentes sectores sociais. Desde o mundo obreiro (folgas de Asturias), o estudantado, e mesmo desde sectores ideolóxicos até entón relativamente tolerantes co sistema. Abrollaba unha época de cambio. Seguro que o futuro non sería repetición simple do pasado. E Galiza non podía ficar fóra dese futuro inibíndose dunha participación política que a expulsaría da historia ou que a enterraría definitivamente na historia da submisión e dependencia.

Este foi o motivo que actuou como detonante para que as novas xeracións se dispuxesen a organizar a loita política do nacionalismo. O primeiro intento foi a creación do fracasadísimo Consello da Mocidade, de efémera existencia desde finais do 1963 a principios do 1964. Quizais os que estaban interesados en manter o movemento na atonía interior foran

os causantes de que se malograse esta iniciativa. Esmorecida ou rebentada a mesma, os impulsores continuaron dando lugar ao nacemento da Unión do Povo Galego.

¿De que presupostos ideolóxico-políticos se nutriu a nacente UPG?

Algún historiador pouco documentado, erroneamente, quer atribuir a creación da UPG a comunistas disidentes do PC. Se algún había, a súa aportación foi de relativa importancia. O certo é que a nova organización era filla dunha terra e mais dun tempo. Daí a cabeceira do seu órgano de comunicación interno. Por ser dunha terra submetida, asoballada, dependente, tiña que ser coerentemente nacionalista. Para iso nacera. Para dar resposta a unha necesidade nacionalista. Pero o parto prodúcese nun tempo no que ferven os movementos sociais revolucionarios en todo o mundo. Con todo, non coido que proceda dun reflexo simplemente mimético o feito de que os postulados programáticos asenten en reivindicacións que significan unha profunda transformación social.

Cando se afirma rotundamente que o poder reside no pobo (labregos, obreiros, mariñeiros), máis que polo interese en aplicar esquemas marxistas vixentes nas democra-

cias populares, faise pola constatación de que foran as xentes do agro, da fábrica e do mar as depositarias dos nosos sinais de identidade nacional. Será máis tarde, na altura do ano 1972, cando a UPG asume o ideario comunista. Faise comunista por considerala a única teoría válida para resolver o problema nacional. Até entón, nos seus inicios non se declara tributaria de nengunha ideoloxía. Mesmo se mantén a ambigüidade durante moito tempo, a indefinición entre fronte e partido.

A aquela altura, ti tiñas 31 anos. Fálanos, por favor, do lugar onde naceches [Loucía - San Amaro, 1933] e dos teus primeiros recordos de nenez.

Difícil e comprometida a resposta para esta pregunta. Falar do lugar é referirse a unha aldea cativa, como tantas outras pequenas entidades de poboación perdidas pola xeografía galega. As que non morreron aínda están en trance de desaparición. Iso si, todas elas, a miña tamén, foron as depositarias da cultura popular que nos legaron os nosos ancestros. Agredida e marxinalizada esa cultura, os seus habitantes interiorizaron un complexo de agresión e marxinalidade que ten como únicas saídas a deserción ou o compromiso. Eu optei polo compromiso rebelde.

Quizais o comportamento eleitoral do mundo rural sexa ilustrativo dun mundo que deserta, mais non se rende.

Recordos? Moitos, pero carentes de valor inclusive para min. Como non tiveren emigrantes na familia non podo falar do sentimento de orfandade en que medraron moitos nenos do país. Posto na cortesía de satisfacer a pregunta, eu diría que lembro unha escola á que os pais me enviaron antes de cumprir os cinco anos. Había guerra –seica civil– pero eu non o sabía. Nós estábamos nun bando, pero eu non o sabía. O que si sei é que ao rematar a escola, pola caída do serán, o mestre púñanos en corro, todos de pé; o Pepe Facaoio terminaba dun pau cunha tea de cores no extremo –que disque era unha bandeira, pero eu non o sabía- e cantabamos dúas cantigas. Máis adiante intereime que a primeira era o “Cara al sol” e a segunda o himno dos tradicionalistas. Dixen cantabamos ou abríamos a boca, coma min.

Cando si recibín grande ledicia foi unha mañá, antes de erguerme, e a miña nai comunicoume que a partir daquel día deixaría de ir á escola, pois chegara unha orde do Goberno suprimíndoa para os menores de seis anos. Teño que reconecer que esta foi a única satisfacción que lle debo a Franco.

Aos poucos anos, ingresas no Seminario, destino de tantos rapaces galegos do rural. ¿Como vives a estadia de tantos anos neste centro?

Polos seminarios galegos pasaron efectivamente moitos rapaces do mundo rural. Son varias as razóns polas que os pais elixiron para os seus fillos a carreira clerical. En poucas ocasións actuou como motivo o que se deu en chamar vocación sacerdotal. Sexa como for, á marxe das críticas aos métodos e formación impartida nestes centros educativos, o feito é que das súas aulas saíron plumas que engrandeceron a nosa literatura. Poderíamos citar por exemplo a Noriega Varela ou Ramón Cabanillas.

Os moitos defeitos e as poucas virtudes que me poidan caracterizar non son alleos aos nove anos de permanencia no Seminario de Ourense, precisamente durante unha idade na que se moldea e completa en grande medida a formación da persoa. Ingrato sería, portanto, que estre-mase o aspecto negativo das críticas. Se non é algo innato na miña idiosincrasia, quizais me veña de alí a preocupación por darlle a vida un sentido coherente. Este sentido foi o que me levou a mudar o destino que para min escolle-r a miña familia.

A Igrexa que hoxe predica en Galiza é a que pasou por aqueles Seminarios. A única Igrexa que segue de costas á lingua do povo. Quen para dirixirse a Deus escolle o idioma do imperio, algo terá de imperialista. Non é estraño, xa que logo, que habitualmente se alíe coas causas máis reaccionarias. Xa sei da existencia de honorábeis excepcións, que nunca valeron nen valerán para invalidaren a regra. O que conta é o que define o colectivo como tal. Cando veremos por primeira vez unha mitra ou un capelo na cabeza destas honorábeis excepcións?

Alí, no Seminario, inteirácheste de que tivemos un Estatuto no 1936. Cóntanos como te impactou esta noticia...

Inteireime despois de ter chegado de maneira case intuitiva á conciencia nacionalista. Había algo que non me cadraba. Os textos oficiais definían o idioma como a forma de falar dunha nación. Pero nós, os galegos, falabamos de xeito diferente da nación que nos tiñan asignado. A contradición resolvíana os textos oficiais rebaixando á condición de dialectos todo o que non fose castelán. Pero, mira por onde, o problema veuno clarexar Díaz Playa no seu libro “Historia del Idioma Español”,

asignatura en terceiro de Humanidades. Por primeira vez tiven coñecemento de que en España, ademais do castelán, tamén se falaban os idiomas galego, vasco e catalán. Esta noticia levoume á conclusión de que, se o idioma é a forma de falar dunha nación, Galiza, con idioma propio, por forza tiña que ser unha nación. Ignoraba eu daquela que antes de min houbera alguén que chegara á mesma interpretación. Por iso, foime de grande sorpresa e satisfacción atopar un editorial da revista do Centro Galego de Buenos Aires, referido ao aniversario do Plebiscito do Estatuto do 36, acorde co carácter nacional do noso país. Alternativa política -dicía o editorial- defendida por persoas tan relevantes como Castelao, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda.

Cómo chegou ás miñas mans esta revista? Desde a sala de profesores do Seminario, da que eu a retiraba para poder ler algúns artigos en galego que habitualmente publicaba. Por sorte ou por desgraza, nunca nengún profesor botou en falta a devandita revista.

¿Como vives alí dentro a represión da lingua galega?

A represión do idioma, de forma máis ou menos agresiva, era unha actuación xeneralizada en todos os Seminarios

de Galiza. Bispos de fóra do país, e unha Igrexa entregada á política asimilacionista. No Menor de Ourense, a persecución do galego revestía maior gravidade, pois estaba rexido daquela por unha orde relixiosa -os Paúles- que traía de Castela e de Navarra os seus profesores. Falar galego non só constituía unha infracción da disciplina, senón unha falta que repercutía negativamente nas avaliacións do rendimento escolar. Inclusive se introducía a idea de asociar o uso do idioma cunha conduta pecaminosa. Falar galego era mesmo un tema reservado á sanción do confesionario.

Se grave era a medida represora do idioma xa de por si, máis inxusta resulta tendo en conta a orixe social daqueles a quen ía dirixida, na inmensa maioría procedente do mundo rural. Aínda levo cravada na memoria a mofa de que foi obxecto por parte dun profesor un compañeiro de curso que se desculpou, por non ter feito e levado a clase a tradución de latín, coa seguinte frase. “Es que se me esqueció”. Ben se comprende que a mofa é polo “esquecido”. Ignoro se vive aínda aquel compañeiro. Se algunha vez me topase con el gustaría de saber de cómo interpreta o problema de Galiza.

¿Qué outros motivos te levaron a teres conciencia da Galiza e a te faceres nacionalista?

Como dixen xa, eu descubrín Galiza como nación através do idioma. Supoño que está é a porta pola que entrou a inmensa maioría na conciencia nacionalista. Máis tarde, durante o estado de excepción de 1969, detido na Dirección Xeral de Seguridade, o comisario Lago (de Sarria e ex-militar na División Azul) no momento de enviarme ao cárcere de Carabanchel espetoume que pola defensa do idioma comezaban todos os activistas subversivos.

Visto é que o coñecemento da historia e da economía do país ten un peso importantísimo para chegar á mesma descuberta. Pero son referentes dos que eu carecía por aquel entón. A única historia que entraba nas escolas era a historia imperial que os Reis Católicos legaron en testamento. O nome de Galiza só aparecía para falar do achádego de Santiago Matamouros. En certo sentido é a mesma historia imposta polo Ex-presidente Aznar en San Millán de la Cogolla.

Sabía, iso si, polo que se contaba, que Galiza era unha terra moi formosa. Eu non vira outras. Que as Rías eran a impronta da man de Deus cando criou o mundo. Pero eu,

de terra adentro, as únicas augas que vira foran as do Miño. A emigración non a xulgaba aínda como drama. A situación económica non podía interpretala por estar fóra do circuíto produtivo.

En 1954 abandonas o Seminario de Ourense e comeza, supomos, unha nova etapa na túa vida ¿Cómo a encaras?

Esta etapa comeza, efectivamente, no ano 1954. Encároa coa idea de facer os estudos de Filosofía e Letras, por ser a carreira máis acorde coa miña vocación, e por serme máis accesibel, dado que tiña rematado os cursos de Filosofía no Seminario de Ourense. Antes da miña estadia en Madrid pasei polo Barco de Valdeorras, unha paréntese de ano e medio de duración.

¿Onde resides no período 1954–1964 e a que te dedicas?

Primeiramente, durante un curto período de tempo, no Barco de Valdeorras, como dixen, e posteriormente en Madrid, alternando as clases en colexios particulares cos estudos de Filosofía e Letras que iniciiei nesta cidade.

¿Que significación tivo, en Madrid, a fundación do grupo “Brais Pinto”?

“Brais Pinto” foi unha maneira de facer política nacionalista, nun momento en que a represión da Ditadura non permitía outra forma de actuación. Algúns de nós, entre eles eu, pretendiamos a creación dun grupo para loitar contra o franquismo desde unha perspectiva nacionalista. Se “Brais Pinto” ficou reducido a unha actividade exclusivamente cultural, coido que a súa transcendencia na historia de Galiza débese a que significa o agromar dunha xeración que quer continuar o legado do Partido Galeguista, cando ese legado estaba hipotecado polo grupo dirixente da “Editorial Galaxia”. “Brais Pinto” quizais fose unha forma de demorar o nacemento da UPG que xurdiría seis anos despois promovida polos mesmos que tiveramos un papel determinante na creación da Editorial. Aínda que todo o publicado sexa de importancia, a ela pertécelle o mérito de ter editado a única obra en verso escrita por Ramón Otero Pedrayo.

¿Cais eran as vosas relacións co “Centro Gallego” ou co “Clube de Amigos da UNESCO”?

O “Centro Gallego” de Madrid non se distinguía precisamente polo labor a prol da nosa Terra e da nosa cultura. Estaba presidido, de forma vitalicia, por un xeneral estreitamente vinculado política e familiarmente co Ditador.

Tolerábase, sen moita complacencia, todo o que non pasase de ser un “rexionalismo san e ben entendido”, lema que aínda hoxe preside o galeguismo de Fraga Iribarne e do Partido Popular. Ocupaba daquela un edificio ubicado na Praza de Oriente. Alí tiña a súa sede “Brais Pinto” nun pequeno cuartiño utilizado habitualmente como roupeiro. A Xunta Directiva, elexida polo método socrático franquista, non vía con bos ollos as nosas actividades.

Lembro a celebración do aniversario da voda de Rosalía de Castro con Murguía: o Centro sumouse aos actos conmemorativos organizando unha mesa coa participación de Otero Pedrayo, entre José Luis Varela, Dámaso Alonso e Fraga Iribarne. Brillante coma sempre don Ramón. Fraga, na súa intervención, quixo apagar o discurso patriótico (patriótico galego, claro está) de Otero Pedrayo, e, despois de dar lectura a un folio copiado dun manual de bacharelato sobre a obra de Rosalía, sentenciou: “Ahora, cada uno a lo suyo. Desde que en España manda nuestro invicto Caudillo, en Galicia ya no existen viudas de vivos ni de muertos”. “Matáronas”, berrou alguén desde a fila derradeira. Era Alonso Montero, que se atopaba en Madrid opositando a Cátedras.

A vinculación co Clube de Amigos da Unesco é posterior a Brais Pinto, unha vez fundada xa a UPG. As actividades culturais que viñamos desenvolvendo no Centro Galego foron vetadas polo seu presidente. Lembro as súas palabras: “En este Centro no está permitido hacer política”. Era un domingo pola mañá, e o xeneral presidente levaba un exemplar do ABC dobrado debaixo do brazo. “Ese xornal que vostede leva tamén fai política”, retruqueille eu. “Usted ya me entiende”, foi a ilustrativa resposta de Lobo Montero [o Presidente do “Centro Gallego” a aquela altura].

Pechadas as portas do Centro Galego, entramos polas do Clube de Amigos da Unesco, actuando co nome de “Secretariado da Cultura Galega”. Tamén aquí caíron as represalias do Ministerio de Gobernación. Mesmo así é de salientar que dentro do Clube desenvólvese un labor importante para a creación de conciencia nacionalista entre os galegos residentes en Madrid, principalmente estudantes. Desde este Seminario elaboramos e difundimos masivamente un manifesto dirixido á Igrexa galega pola súa negativa á utilización do noso idioma na liturxia. Este manifesto foi reproducido integramente, acom-

pañado dun artigo da miña autoría, nun número extraordinario da revista “Cuadernos para el Diálogo”. Tivo igualmente repercusión o número especial do semanario “Signo” adicado a Galiza, elaborado e programado integramente por nós. Fraco favor lle fixemos á publicación, que lle ocasionou o peche governativo. Xamais volveu levantar cabeza este semanario da Acción Católica. O seu director –Rafael González– dirixiría máis tarde o “Ideal Gallego” na etapa da Transición.

Dos artigos publicados, un deles merece unha especial referencia. Trátase dun traballo de Alfonso Álvarez Gándara sobre a resistencia da Igrexa galega á utilización do noso idioma na liturxia. Daquela, os nacionalistas non nos decataramos aínda de que pedirlle ao clero galego un comportamento acorde coa cultura e identidade do país era bater en ferro frío. O feito é que este artigo foi galar-dado pouco despois co premio Fernández Latorre de xornalismo. E aquí aparece de novo Fraga Iribarne, celoso defensor das esencias franquistas. Ameazou á “Voz de Galicia” con pórllle de novo o xugo e as frechas e a Augusto Assía, membro do xuri que concedera o galardón, con publicar na televisión a súa biografía.

¿Qué recordos gardas de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, “Ben-Cho-Shey”?

De Fernández-Oxea gardo moitas lembranzas, todas elas gratificantes. Trateino moito en Madrid. Eu coñecera de nome a Ben-Cho-Shey pola lectura do libro “Viaxe a San Andrés de Teixido” de Otero Pedrayo. Foi un patriota insobornábel, comprometido sempre con todas as cousas que se fixeran a prol do país, fosen estas de carácter político ou cultural. Colaborou con “Brais Pinto”. Participou activamente no Seminario da Cultura Galega do Clube de Amigos da Unesco coa mesma ilusión e a mesma entrega que un rapaz de vinte anos. O mérito deste home non tivo o recoñecemento do grupo galaxiano. Utilizábano como criado, para levar os libros á censura do Ministerio de Información. Xeneroso como era, algunha vez confesoume a mágoa que lle producía esta incompreensión. O seu libro máis importante, o estudo etnográfico da parroquia de Santa Marta, tivo que editarse en América pola negativa de Galaxia a darlle publicación. Pouca categoría tiña este libro para unha editorial ensimesmada na filosofía alemá. Alguen definiu como xermanófilo o grupo galaxiano, constituído polo binomio Piñeiro-García-Sabell. Xermanófilo, ou máis ben xermanistófilo?

¿Cais as relacións –ou ausencia delas– con Ramón Piñeiro e o seu círculo?

Eu nunca entrara no confesionario de Ramón Piñeiro en Santiago de Compostela. A miña conciencia nacionalista non deriva de nengún adoutrinamento, e moito menos da cátedra impartida na “mesa-camilla” da rúa de Xelmírez. Mesmo así, moitos dos compañeiros que compartían comigo as inquedanzas patrióticas tiñan nel o seu referente político. Através deles coñecín a Piñeiro persoalmente. Algún escrito seu xa tiña lido con anterioridade. Na altura de 1964, no proceso previo á fundación da UPG, mantiven dúas entrevistas con el. A primeira nunha cafetaría da Gran Vía madrileña. Viña de Toulouse de porse en contacto coa rama máis desprestixiada do socialismo no exilio. A segunda no domicilio particular de Darío Álvarez Gándara. Na primeira participou tamén Xosé Antonio Arxona. Na segunda, que eu lembre, ademais de Álvarez Gándara, Camilo Nogueira e dúas ou tres persoas máis que non podo precisar. Ía Piñeiro acompañado, como non, de García-Sabell. Nesa reunión fixo explícita a súa teoría política. Mentres Franco vivise nada había que facer. Despois de morto, ficarían dúas alternativas: Partido Socialista ou Democracia

Cristiá. Nada máis. E o galeguismo? Actuar infiltrados en cada un deses partidos. De marxismo, nen falar. O marxismo, por definición, era antípoda do nacionalismo.

Fun eu o único discrepante desta teoría tan singular, como eu o único que se dirixía a Piñeiro polo seu apelido e non polo don Ramón que utilizaban os demais. Pero, é Galiza ou non unha nación? pergunteille eu. Cun xesto moi propio del, rotando as mans como se estivese remoendo as ideas que se resistían a saír, contestou: “Home, é un povo, unha cultura, unha maneira de ser... bla, bla, bla. Por nengures apareceu o termo de nación. Non foi estraño, xa que logo, que rematase nunha candidatura do PSOE. Non foi estraño que votase a expulsión da Cámara Galega de tres deputados nacionalistas. Moi encarnado, esquivando a mirada e baixando a cabeza como todos os cobardes, claro está. Se en vida poido ser un mito para os amantes do país, de morto só sera venerado polos que sempre o desprezaron.

Fundada, en 1964, a Unión do Povo Galego, ¿cais son os seus primeiros principios ideolóxico–políticos?

Os principios políticos da UPG están constituídos por ese decálogo de todos coñecido. A súa columna vertebral e pilar fundamental, o nacionalismo: “Galiza é unha nación

e como tal ten dereito á autodeterminación” reza o punto primeiro. Pode resultar aventurado falar dunha ideoloxía definida, mesmo que a formulación programática encaixe nos esquemas dunha democracia popular. Algún dos fundadores si compartía o ideario marxista. Moitos de nós, entre os cais me inclúo, eramos exclusivamente nacionalistas, aínda que revolucionarios do punto de vista social. A atribución do exercicio do poder a labregos, obreiros e mariñeiros é unha esixencia dos postulados políticos marxistas, ou o recoñecemento das clases que deben xefiar o proceso de emancipación nacional? Fronte á deserción burguesa, foi o povo quen mantivo vivos os sinais da nosa identidade. En todo caso pon de manifesto a ideoloxía através da cal é posíbel a conquista da soberanía e a descolonización.

¿Cando se produce a conexión nacionalismo-marxismo?

Na altura do 1972. A clase obreira cobra protagonismo en Galiza, na loita contra a Ditadura e en defensa dos seus intereses. As mobilizacións máis importantes tiveron lugar nos núcleos industriais de Vigo e Ferrol. A decantación ideolóxica coincide tamén co medre organizativo do Partido.

¿Cais foron as mobilizacións máis importantes que a UPG activou neste periodo de clandestinidade?

Referinme antes ás loitas obreiras de Vigo e Ferrol. O protagonismo non foi exclusivo da UPG, pero tivo nelas un papel moi activo. Si foi relevante a participación no conflito de Castrelo do Miño. O manifesto “Embalse non, xustiza si” serviu para quentar e fulminar unha situación socialmente explosiva. Non debemos esquecer tampouco o rexurdir das mobilizacións labregas, ausentes do movemento agrario desde o tempo dos foros e Basilio Álvarez. As Comisións Labregas, criadas e dinamizadas en solitario polo noso Partido, iniciaron xa na clandestinidade o proceso que culminou na supresión da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria.

Quizais fose o máis importante o rescate do “Día da Patria Galega”, na denominación e no contido, do secuestro litúrxico de San Domingos de Bonaval. A convocatoria do 1968 motivou a presenza do exército na Praza do Obradoiro, por primeira vez mobilizado para reprimir unha abortada manifestación nacionalista.

En fin, na clandestinidade botáronse as bases da organización de masas que acadarían na transición a definitiva

implantación. Se hoxe existe un sindicalismo galego, un movemento estudantil, unha fronte unitaria do nacionalismo, é que antes a UPG apostou polo proxecto de autoorganización do pobo galego a todos os niveis. A este obxectivo sacrificou moitas veces os mellores efectivos.

¿Cais as relacións coas outras forzas políticas actua- tes na Galiza ?

É moi aventurado falar de forzas políticas en plural. A dereita sentíase cómoda e axeitadamente representada polo rexime franquista. Fraga inventaría GODSA tras a morte de Franco para consolarse da orfandade deixada pola desaparición do Ditador. Na esquerda, o Partido Comunista contaba aquí con relativa implantación. Nos socialistas había certa fidelidade ao vello Profesor [Tierno Galván]. O PSOE foi a restauración promovida para lexitimar a reforma. Había moitos grupellos, exclusivamente no campo universitario, cunha militancia reducida ao número dos fundadores.

Co PC houbo coincidencias conxunturais nas loitas nas que participamos, pero non mantivemos con el unhas relacións institucionalizadas. Sempre tivo claro a UPG que a división en Galiza non respondía á disxuntiva esquer-

da–dereita. A contraposición é do nacionalismo co españo-
lismo. Daí as relacións privilexiadas, de irmandade, co Partido Socialista Galego. Co PSG asinamos algún documento conxunto, na perspectiva do que debía ser o grande Bloque Nacional–Popular Galego.

¿Cal é a posición da UPG perante a fundación en 1974 da Junta Democrática de España?

A “Junta Democrática de España” representaría unha alternativa democrática para romper coa ditadura. Non cuestionaba a estrutura unitaria do Estado, como despois demostraron na práctica os partidos que a compuñan. Para nós, os nacionalistas, a democracia é inerente á solución do problema nacional, sen resolver aínda na Constitución que a Reforma elaborou na Transición.

En 1975, criase a Asamblea Nacional Popular Galega. ¿Con que fins?

A UPG era consciente de que non todos os nacionalistas consecuentes tiñan que adherirse a plantexamentos ideolóxicos de carácter marxista. A liberación nacional é un obxectivo compartido por todos eles, calquera que sexa a súa filiación partidaria, e mesmo sen adscripción a nengún

partido. Esa foi a finalidade da AN-PG: unha plataforma organizativa unitaria de todo o nacionalismo. Pode afirmarse que foi o antecedente e o modelo que despois se plasmou na fundación do BNG.

1976: Consello de Forzas Políticas de Galiza. Formantes; Bases Constitucionais da Nación Galega.

O Consello de Forzas Políticas responde aos mesmos criterios da AN-PG, pero reducida a súa composición a partidos organizados. Viña sendo unha réplica ás diversas plataformas españolas criadas para a ruptura democrática. Era unha alternativa non só á ditadura, senón ao modelo de Estado unitario tradicional. Daí a elaboración das Bases Constitucionais da Nación Galega, na que se sentaban os fundamentos para a participación do noso país nun pacto federal. Na súa esencia o seu contido segue plenamente vixente na actualidade. Ese “Plan Ibarretxe” tan demonizado polo españolismo non é mais que unhas Bases Constitucionais para Euskadi.

No CFPG participaron, ademais da UPG, PSG e PGSD, partidos de matriz galega, o MCG e o Partido Carlista. Este último practicamente desaparecido na actualidade; e o MC, integrado hoxe no BNG através de Inzar.

En 1976, o nacionalismo galego abstense no referendo que visaba sancionar o proceso de reforma política após a desaparición formal da Ditadura ¿Por que razóns?

Era a alternativa dos continuadores do franquismo, frente á ruptura democrática defendida por todos os demócratas. Mudar algo para que todo siga igual. Non estaban restauradas as liberdades fundamentais e o marco xuríco-político herdado da Ditadura continuaba intacto. Como se pode celebrar un referendo sen liberdade de prensa, sen posibilidade de propaganda? Calquera postura discrepante da do poder convocante resultaba punibel polo Código Penal.

Os nacionalistas, entre outros, fixemos a nosa campaña abstencionista dentro da clandestinidade. Eu mesmo tiven que atravesar a fronteira coa nosa propaganda impresa en Caminha, na Caminha do Portugal de Abril. Non é do caso relatar agora os trucos utilizados para salvar o control da alfândega de Tui. En todo caso si é salientábel que foi o mellor servizo que me fixo aquel pasaporte, que aínda conservo, válido exclusivamente para Portugal.

Temos escoitado moitas veces que foi modélica a transición española. Máis que modélica foi exitosa. Foi o éxito do franquismo para perpetuarse e impregnar unhas estru-

turas formalmente democráticas. Nunha cea no Bairro Alto de Lisboa, non hai moito, un político catalán sorprendíase dalgún aspecto do sistema parlamentar portugués. “É que acá houbo un vintecinco de Abril” respondeu o camarada e bon amigo Luís Fazenda, actualmente deputado na Asembleia da República. Alí o sistema actual naceu da democracia. Aquí, da ditadura.

1977: primeiras eleccións. ¿Cómo as aborda o Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG)? ¿En que condicións se cria aquel BN-PG?

O BN-PG, integrado pola UPG e a AN-PG, tivo que participar nas primeiras eleccións acreditándose como candidatura independente co sistema de asinaturas, pois ambas organizacións nacionalistas continuaban sen legalizar, mesmo que tiñan depositado os respectivos estatutos no Ministerio do Interior. Aínda así, as asinaturas da provincia de Ourense foron anuladas pola Xunta Eleitoral. Houbo que repetilas e comezamos a campaña con máis dunha semana de retraso. Doadamente se comprenden as dificultades coas que tivemos que defrontar o proceso nestas condicións, agravadas pola carencia de recursos financeiros. Iso si, serviu para constatar o espírito comba-

tivo dunha militanza curtida no combate da clandestinidade. Non había empresas que fixesen e pegasen carteis, por outra parte modestísimos. Había militantes sacrificados e cheos de ilusión.

Primeiras eleccións sen, aínda, Constitución. O nacionalismo amosa a súa rotunda oposición ao Proxecto -e, despois, lei- da Constitución española. ¿Por que razóns?

Os políticos e os xornais falaban de democracia, pero continuaba aínda vixente o “Fuero de los Españoles”, derrogado despois pola Constitución do 78, no que se contiña o decálogo, o credo e o ritual da ditadura franquista. Unha democracia vestida co hábito fascista? A secuencia de paradoxos podía facerse interminábel. Un aparato policial que pouco antes reprimira e torturara a alguén que lograra credencial parlamentar o 15 de Xuño? Desde logo, transición modélica poida que non. Pero si singular, pintoresca e irrepitíbel. Por algo se deu no país da tauromaquia.

Deixemos de lado que esa Constitución consagraba o modelo de Estado unitario tradicional, mesmoedulcorado coa descentralización autonómica, razón suficiente para ser rexeitada polos nacionalistas. Esqueizamos que foi elaborada coa atenta vixilancia e beneplácito castrense. A

fraude está xa na orixe das Cortes que a redactaron, ilexítimamente convertidas de legislativas en constituintes. No 1977 o povo escollera uns deputados para configurar unha forma de goberno, non para definir o modelo de Estado, por outra banda condicionado pola institución monárquica herdada e imposta polo Ditador. Unha fraude máis na transición española. Non foi a democracia a que deglutiu os residuos reaccionarios do franquismo. Foron estes os que se enquistaron no rexime que tutelaron. Como se entende, se non, que fose un partido chamado socialista o que iniciou o desmantelamento da precaria economía pública existente?

En 1979, celébranse as primeiras eleccións municipais, onde o nacionalismo galego obtén uns resultados extraordinarios. ¿A que se debeu?

Máis que de resultados extraordinarios eu falaría de avance importante, tendo en conta o punto de partida. O nacionalismo no seu conxunto fíxose coa responsabilidade de goberno de varias alcaldías e triplicou os votos obtidos nas eleccións xerais de 1977. Eu coido que foi debido á maior introdución social conseguida, sobretudo no mundo rural, ás mobilizacións sociais en defensa dos

labregos. Teñamos en conta tamén a menor incidencia do bipartidismo tendente a simplificar o panorama electoral.

1981: golpe de Estado (23-F) e grave fractura nas filas da AN-PG e da UPG.

Paréceme correcta a rotulación escollida: golpe de estado, porque triunfou, porque non ficou reducido a intento fracasado. Salvamos a vida, iso si, os que figurabamos nas listas de fusilábeis pola barbarie reinstaurada. Pero o estado maior dos cuarteis chamou a capítulo aos dirixentes políticos para transmitirles unha consigna inequívoca: nada de complacencias coas veleidades separatistas.

A fractura producida no seo do nacionalismo está relacionada coa nova situación, aínda que non figure como causa de discrepancias no debate. Existe hoxe unha mellor perspectiva para emitir un xuízo máis obxectivo e equilibrado. Permanecía vivo daquela o dilema entre a reforma e a ruptura democrática, alternativa esta asumida maioritariamente por nós. Os que se foron do proxecto consideraban esgotada a opción escollida, inclusive fracasada calquera tentativa de introducir modificacións no sistema. As diverxencias non eran tais. Era a simple coartada para xustificar a deserción.

En 1980, o Estatuto de Autonomía foi votado por unha exigua minoría do povo galego. En 1981 promúlgase e constitúese o primeiro Parlamento con tres deputados: ti propio, Lois Diéguez Vázquez e Claudio López Garrido ¿Cal é a experiencia dese ano Parlamentar escaso (Decembro 1981-Novembro 1982)?

Ese Parlamento estaba copado por unha maioría de deputados (Alianza Popular e Unión de Centro Democrático) educados politicamente nas escolas da Ditadura. Moitos deles eran novos nos escanos da democracia, pero veteranos no exercicio de cargos no anterior rexime. Non é correcto que converta a miña resposta nunha digresión anecdótica. Falando de experiencias, só podo sintetizar a miña, absténdome de interpretar a dos outros compañeiros. Sintetizo: que o poder fai a lei, non para servir á sociedade senón para servirse dela. Que cando a lei non abonda para servir ao poderoso interprétase a lei para mellor comenencia do que manda. Esta é a mellor interpretación que se lle pode aplicar ao Estado de dereito. Que facer? Seguir loitando para destronar os usurpadores do poder.

En 1982 fostes expulsados do Parlamento. Resume brevemente a verdadeira historia de tal expulsión.

A iso viña a miña reflexión anterior. O xuramento da Constitución foi a trécola utilizada para desfacerse da presenza nacionalista no Parlamento. Non foi (nin podía ser) unha expulsión. Consistía na privación dos dereitos regulamentares. Quitáronnos o dereito de voto e participación nas diferentes sesións. As hemerotecas teñen que conservar a malévola interpretación do xornalista que daquela exercía de látigo do nacionalismo. Sempre tivemos algún nas nosas costas. Durante a Ditadura, a policía franquista. Despois dela, os inquisidores de turno. Máis que opinar, congratulábase da trampa que estaba tendida: se xuran, descalifícanse; se non xuran, saen para fóra.

Sinteticamente, esta é a historia daquel evento. Algo teño escrito, e tamén falado, sobre o mesmo. Do punto de vista político non ten xustificación de nengunha clase. O máis grave, que carecía ademais de lexitimación xurídica. Violouse o procedemento regulamentar e a aplicouse con carácter retroactivo a norma punitiva. Os protagonistas daquela tropelía que conservaban un mínimo de sensibilidade baixaban a testa cando algun lles pedía explicacións da súa vergoñenta participación. Cóntame que o presidente Rosón marchouse para o Alén co remordimen-

to de ter amparado semellante ilegalidade. Que a súa con-
trición lla teña en conta o xulgador supremo, ante o cal
non teño eu a pretensión de personarme como acusador.

**¿Cómo avalías o proceso electoral de 1985, após a deci-
sión de cumprir o requisito de acatar a Constitución
española e máis o Estatuto de Autonomía para poder-
mos estar presentes no Parlamento Galego?**

Os resultados eleitorais de 1985 non foron satisfactorios
para o BNG. De tres deputados baixamos a un. Mesmo
que non fose o único factor, o máis importante foi que o
pobo non entendeu a nosa ausencia do Parlamento. As
urnas castigaron as vítimas e non os verdugos. Era obri-
gado reconsiderar a nosa posición. Adecuar a práctica á
nova situación política. A reforma estaba consolidada.
Carecía, por tanto, de sentido continuar apostando pola
ruptura democrática.

Modificar a táctica non significa renunciar nen rebaixar
os principios ideolóxicos. Mesmo así esixía o veredito das
bases a revisión dunha norma de actuación definida con-
gresualmente. A militanza entendeu as razóns de cum-
prir un requisito estritamente formal. Quen estatuiu a
fórmula de xuramento como acto de vasalaxe pode ser

que a convertese en rito de mofa ao reducir un texto legal
á condición de fetiche. A lei está para cumprila, non para
adorala. E quen a entronizou nos altares? Os enfatica-
mente alcumados “Pais da Constitución”. O parto dos
montes reducido ao parto dun rato. Seredes como deu-
ses, díxolles a serpe. Como deuses pretenden ser venera-
dos e inmortalizados no papel dunha norma que utilizan
para íntimas hixienes.

**En 1989, volves ao Parlamento e o BNG consegue, por
vez primeira, grupo parlamentar.**

As eleccións autonómicas de 1989 marcan o inicio do
ascenso do BNG. De un deputado pasamos a seis. O sexto
sería posteriormente anulado polo voto emigrante, mani-
pulado polos métodos máis burdos da picaresca electoral.
Conseguimos grupo parlamentar, e a consagración defini-
tiva do BNG como forza hexemónica do nacionalismo.
Para min, foi este o mérito máis importante. Serviu para
lograrmos un obxectivo polo que desde sempre viñamos
loitando: a unidade orgánica de todos os nacionalistas.
Que isto nos sirva de guía para o futuro, asentando a for-
taleza do nacionalismo en alicerces exitosos e nunca en
experiencias fracasadas.

Razóns da oposición da UPG e do BNG á entrada do Estado español na CEE e máis na OTAN

A oposición á OTAN resulta evidente. Tanto o Partido como o BNG proclaman o antimilitarismo como principio fundamental. Decláranse igualmente anti-imperialistas, e non cabe dúbida de que a OTAN é a xerdarmaria e o brazo armado do imperialismo mundial, tanto con Pacto de Varsovia como sen el. Estarrécese hoxe a opinión pública coa participación na guerra do Iraque. Chora os cadáveres dos soldados retornados de Kosovo no avión ucraíno. O feito é que o Estado español optou por una política agresiva cando se integrou nun pacto militar. Os exércitos están armados para faceren a guerra e non o amor. Teñen no fusil a ferramenta de traballo. Condecórase o valor acreditado polo número de mortos abatidos no campo de batalla. Non, o nacionalismo é a alternativa dun povo sometido. Non, os povos sometidos están pola paz e non pola agresión dos Estados opresores.

As razóns da oposición á CEE podían resultar opacas na altura de 1986, pero maniféstanse nidiamente transparentes hoxe para a maioría do povo galego. As consecuencias que nós albiscábamos teñen agora confirmación na pesca, na

agricultura, no comercio, na construción naval. Tornouse evidente que a ampliación estaba orientada para favorecer os que estaban dentro del e non os que viñan de fóra. Agora ben, a disxuntiva actual non consiste en regresar ao punto de partida. Na historia non existe un camiño de retorno. A alternativa consiste en incidir de maneira que a nova situación sexa o menos lesiva posíbel para os intereses nacionais.

No agro, na pesca, na industria, na cuestión da lingua, na cultura..., o nacionalismo galego está a realizar, neste tempo, análises que ben podían ser calificadas como históricas, por conteren predicións que se cumpriron. ¿Como o avalías?

Non podemos minusvalorar as aportacións que fixeron os nacionalistas que nos precederon. A historia vaise construíndo, pedra a pedra, entre todos os que a facemos e somos produto dela. Mais hai algo que debemos salientar. O nacionalismo incorporou un método científico de análise da realidade social a partir das teses do materialismo histórico. Serve isto para descalificar os tópicos da reacción imperialista, que sempre ligou o nacionalismo a un sentimento romántico, telúrico, de apego á terra e ao lar nativo. Curiosa concepción, sobre todo no caso español,

que entroniza como esencias patrias e peineta, a pandeireita flamenca e o touro ibérico. Para eles o touro como totem, para nós a vaquiña que nos amamantou o corpo e a fala que nos amamantou o espírito.

O espectacular avanzo electoral do BNG ao longo de sucesivas convocatorias eleitorais ¿é resultado –ou desembocadura– de qué traballo, de qué procesos de conciencia e praxe social?

O ascenso electoral do BNG foi paradigmático dentro do contexto político actual. Pero non debe conducirnos a falsas interpretacións. Os resultados eleitorais son unha expresión máis dun proceso social. Son estes dialécticos e non lineais. Hai unha vaga ascendente, mais teñen tamén un período de refluxo. Do mesmo xeito que ralentizamos o noso optimismo nos momentos máis propicios para a euforia, non debe abaternos o descenso producido nas últimas confrontacións.

É singular, iso si, a introdución do BNG na sociedade, froito da concienciación do pobo galego. Non é produto dunha campaña de mercado nen dunha aposta pola nosa alternativa desde os medios de comunicación. O pobo que nos deu a súa confianza é o pobo que nos viu nas batallas que eles compartían. Aquí está a chave que nos abriu e nos abrirá as

portas da introdución social. O noso éxito non depende da mercadotecnia electoral. Neste terreo xogan os outros con vantaxe. Pode ser que a renovación que o BNG precisa pase polo retorno ás raíces nosas, que son as raíces do noso pobo.

Á altura do 1994, o BNG culmina un esforzo unitivo de todo o arco de forzas políticas de obediencia galega actuantes na nación. ¿Como valoras este proceso?

Foi un proceso lento, mais un obxectivo sempre presente na estratexia política da UPG. Desde a creación da AN-PG e do BN-PG, o noso partido sempre apostou pola unidade orgánica, non só conxuntural, de todo o nacionalismo. Sabémolo ben polos fundamentos teóricos dos que partimos. A contradición principal nun país colonizado é a que enfrenta a este co imperialismo. Por iso a unidade é vital para a UPG e para o proceso de liberación nacional. Como proxecto garante do futuro a concebimos, e non como pousada para recuperar forzas na travesía política.

Por vez primeira, en 1996, o BNG obtén presenza –dous escaños– no Congreso do Deputados. ¿Que valor ten para a Galiza esta nova presenza institucional?

Que os intereses do noso país teñan por primeira vez voz e voto nas Cortes do Estado. Os escaños obtidos en

Galiza polo PSOE e polo PP non son nosos. Son a expresión dunha estratexia política estatal. Pode ser lexítima a súa representación; non o dubidamos. Pero actuarán sempre por consignas de partido e non por lealdade e compromiso coa base electoral. En certa maneira esta interpretación é aplicábel tamén no Parlamento galego aos deputados dos partidos estatais. Lembro unha sesión da Cámara autonómica na primeira lexislatura. Debatíase a absorción de FENOSA por UESA. A desaparecida UCD agardou para fixar a súa posición á carta enviada desde Madrid por avión. Non hai territorios autónomos sen partidos autónomos, á marxe da ideoloxía de maior ou menor compromiso co país.

Após obtermos, no 1999, escano no Parlamento Europeo, por primeira vez, agora (Xullo de 2004), periga a súa renovación. ¿Non é unha sorte de revival histórico das manobras do PP (furto do escano de Alexandre Bóveda, por Calvo Sotelo, en 1936; “roubo” do escano por Ourense, en 1989, do BNG en beneficio do PP, comandado por Fraga Iribarne)?

Non caíra eu nesta similitude, que amosa a rapina practicada pola dereita sobre o nacionalismo. Outra volta resul-

ta o noso partido vítima do “pucheirazo”, que agora se consuma manipulando os votos da emigración. Teño no meu poder unha circular interna do PP, cursada en datas anteriores ás eleccións de 2001. O documento vai asinado polo daquela responsábel das relacións da Xunta de Galiza coas comunidades galegas no exterior. Para isto emprega o PP os recursos públicos. A carta circular é un modelo de como os representantes do Goberno autonómico deben aproveitar as viaxes institucionais para recuperar na emigración a maioría que lle perigaba no interior. Como esperar que sexan escrupulosos coa pureza democrática os que foron alumnos aventaxados da Ditadura!

O cerco de hostilidade e de hostigamento ao nacionalismo galego non só depende da variábel Estado español–Unión Europea, senón tamén dunha extensión –globalización– do imperialismo a nivel mundial. ¿Como xulgas esta fase do capitalismo-imperialismo no planeta?

Para nós –seguidores do marxismo– nos países dependentes a contradición principal sempre estivo entre centro e a periferia, sexa cal for a denominación que lle apliquemos ao binomio. No momento actual esta contradición ten validez a nivel mundial. A loita revolucionaria non se libra xa

entre a burguesía e o proletariado nacional. Pode ser que rematase co derrube do muro de Berlín. Non o sei. Estamos na fase que culmina a concentración monopolista que preconizaba Lenin. A loita é a mesma, pero librada nun cenario diferente. Por iso mesmo, para o imperialismo mundial que representa a globalización, o nacionalismo é o obxectivo a bater por ser o verdadeiro inimigo do sistema.

Pedímosche que recordes dúas que son moito máis que anécdotas. En 1981, na constitución do primeiro Parlamento galego, só contadas persoas (¿cais?) cantastes, íntegro e seguido, o Himno galego?

Os nacionalistas fomos os que sacamos o himno galego da clandestinidade. Primeiro, na época franquista. Despois, na transición. Impuxemos a bandeira e o himno en todas as mobilizacións, algo que actualmente é totalmente normal. Na constitución do primeiro Parlamento Galego, quen o ía cantar? Os que o levabamos no corazón, os que o tiñamos como bandeira de combate. Fomos os tres deputados nacionalistas (Lois Diéguez, Cláudio López Garrido e mais eu) e Francisco Rodríguez, Xosé Manuel Beiras e María do Carme García Negro que o entoaron desde a tribuna de convidados.

En segundo lugar, en 1984, ¿como viveches, como axiu o nacionalismo galego, perante o traslado dos restos mortais de Castelao de Buenos Aires a San Domingos de Bonaval?

Foi verdadeiramente triste que o cadaleito de Castelao entrase en San Domingos de Bonaval entre pancadas sobre os nacionalistas. Todos coñecemos a opinión en vida do patriota galego. Gostaría de retornar para repousar na súa terra cando nela se desen as condicións que garantisen os dereitos nacionais. A traída dos restos non se facía para honralo. Utilizábase para lexitimar un rexime autonómico moi alonxado das previsións nacionalistas, gobernado na súa integridade polos herdeiros directos dos que enviaran a Castelao para o exilio, dos que fusilaran a Alexandre Bóveda. Reaximos nós contra esta parodia e aldraxe inflixida á figura máis sobranceira do nacionalismo.

Finalmente, ¿qué deberíamos manter, no nacionalismo galego do presente, como irrenunciábel, e qué deberíamos mudar na nosa conxuntura actual?

Non son eu quen para dar consellos a ninguén. Se se tratase de emitir unha simple opinión diría que o irrenunciábel é o que constitui a esencia mesma do nacionalismo:

a defensa da identidade nacional e do dereito de autodeterminación. Non se pode substituir estes obxectivos, na teoría ou na práctica política, por outros sucedáneos. Non se construí a nación desde o bilingüismo. A autodeterminación non é conciliábel co autonomismo, considerado este como meta. Con isto creo que está todo dito. O nacionalismo é moito máis que un partido político. Implica militanza. Participa nos procesos electorais (faltaría máis!) pero non se reduce a eles a súa actividade.

Recalco o concepto. Na militanza está a clave. Non rexeito outros criterios que se poidan utilizar para a selección de cadros políticos ou representantes institucionais. Mais ningún deles debe prevalecer sobre o grao da militanza. As candidaturas nacionalistas deben encabezarse polos que estiveron en primeira fila no combate.



Bautista Álvarez, de cativo, polas pistas da aldea de Loucía, no concello de San Amaro.



Fotografía cos alumnos do Seminario.



Na mesa de estudo da casa natal.



Madrid, 1958. De esquerda a dereita, Fernández Ferreiro, Otero Pedrayo, Bernardino Graña, César Arias e un directivo do Centro Galego de Madrid. Abaixo, Bautista Álvarez, Méndez Ferrín, Reimundo Patiño e outro membro do Centro Galego.



Membros do Centro Galego en Madrid, en Novembro de 1967. Ben-Cho-Sey, 3º pola dereita, Bautista Álvarez, 5º pola esquerda e Reimundo Patiño, sentado, 3º pola esquerda.



En primeiro termo, pola esquerda, Juan Soto, Baixeras, Bautista Álvarez e Reimundo Patiño.



Pancarta que se pendura na entrada da Alameda de Santiago, o Día da Patria Galega de 1968.



Lois Diéguez, no cemiterio de Imo, no concello de Dodro, ao pé da tumba de Moncho Reboiras, aos poucos anos do seu asasinato en Agosto de 1975.



Bautista Álvarez após intervir na clausura do I Congreso de ERGA, na Facultade de Económicas, en Xaneiro de 1978.



Día da Patria Galega de 1978, convocado polo BN-PG (AN-PG e máis a UPG). Sosteñen a pancarta Xaquín Méndez, Pilar Allegue, Saleta Goi, Manuela Fraguela, Lois Diéguez, Bautista Álvarez, Margarida Ledo, Pedro Luaces, Francisco García Montes e Francisco Rodríguez.



Intervindo nun acto da AN-PG en Carballo.



Candidatura para o Congreso e o Senado do BN-PG en Marzo de 1979 pola circunscrición de Ourense, que encabezaba Bautista Álvarez: Xaquín Méndez Anta, Aristóbulo Quinteiro González, Antón Sánchez Ribeiro, Bautista Álvarez Domínguez, Norberto Tabarés Feixoo, Antón Fernández Sánchez, Emilio González Graña e Fernando Pérez López.



Intervención na clausura do IV Plenario Nacional da AN-PG, en Decembro de 1979.



Con Francisco Rodríguez no III Congreso da UPG, en Xaneiro de 1982.



De esquerda a dereita e de arriba abaixo: Reimundo Patiño, Bernardino Graña, Bautista Álvarez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Herminio Barreiro, Xosé Fernández Ferreiro, César Árias, Ramón Lourenzo, Alexandre Cribeiro e Luís González, "Foz", nun reencontro do Grupo Brais Pinto no Círculo das Artes de Lugo en Xaneiro de 1983.



Manifestación após a expulsión o 23 de Novembro de 1982 dos deputados do Bloque (AN-PG e UPG)-PSG do Parlamento Galego. Na faixa, Emilio López, Mariano Abalo, Alfredo S. Canal, Ramón Muñiz, Encarna Otero, Bautista Álvarez, Lois Diéguez, Xosé María Rivera Armoso, Xan Carballo e Francisco Jorquera.



Intervención na homenaxe a Alexandre Bóveda que se organiza en Pontevedra todos os 17 de Agosto.



Bautista Álvarez diríxese aos concentrados diante do Pazo de Fonseca, anterior sede do Parlamento autonómico, no primeiro aniversario da expulsión dos deputados nacionalistas. En primeiro plano, de dereita a esquerda, Dolores Abel, Rafael Mouzo e María do Carme García Negro.



No V Congreso da UPG, Marzo de 1986.



Homenaxe que se tributa os 12 de Agosto ao dirixente da UPG, Moncho Reboiras, na rúa da Terra, en Ferrol, onde caíra abatido a tiros pola policía fascista. Francisco Rodríguez, Manuel Mera, Bautista Álvarez en primeiro plano.



Bautista Álvarez, no edificio onde caíra asasinado Moncho Reboiras.



Intervindo nun acto na Campaña das Eleicións ao Parlamento Europeu en Xuño de 1987. Bautista Álvarez encabezaba a lista que presentou o BNG.



Na clausura do VI Congreso da UPG celebrado en Xaneiro de 1989 baixo o lema “25 anos ao servizo de Galiza”. Con Xesús Seixo e Francisco Rodríguez.



Foto oficial que se empregaría para a campaña das eleccións autonómicas de finais de 1989. Bautista Álvarez encabezaba a candidatura do BNG pola circunscrición de Pontevedra.



Saudando a Fidel Castro na súa visita a Galiza en Xullo de 1992. Ás súas costas, Anxo Quintana.



Intervención na Praza da Quintana o 25 de Xullo de 1994. A manifestación do BNG convocouse baixo o lema “Galiza Sempre”.



Celebración a noite eleitoral, após ter logrado o BNG acadar representación por primeira vez nas Cortes Xerais, en Marzo de 1996. Gustavo Docampo, Xanina Fernández Otero, María Pilar García Negro, Francisco Rodríguez Sánchez, Cesáreo Sánchez Iglesias e Bautista Álvarez Domínguez.



Grupo parlamentario do BNG ao completo saído dos comicios autonómicos de finais de 1997. O nacionalismo galego obtivera 400.000 votos e 18 deputados e deputadas.



Bautista Álvarez, seguindo a intervención de María Pilar García Negro, como Vicepresidente da Mesa do Parlamento Galego. Ano 1998.



Intervindo no acto conmemorativo dos 25 anos da fundación da Unión da Mocidade Galega, a organización xuvenil da UPG, en Decembro de 2002.



Intervindo no acto que conmemoraba o 40 aniversario da constitución da UPG, en Xullo de 2004.

Este libro rematouse de imprimir
no obradoiro Litoro o 7 de Xaneiro de 2005,
55º aniversario da morte de Castelao, no exilio.

